

2ª EDICIÓN PROGRAMA DE PROMOCION DA IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XENERO

TALLERES, ACTIVIDADES,
XORNADAS DE TRABALLO EN GRUPO,
ASISTENCIA, INFORMACIÓN,
VISITAS A EMPRESAS

Talleres

1. Taller: a Cultura e o Audiovisual como elemento para previr a desigualdade

12 e 19 de xullo.
19h a 21:00h

Local Social de Pereiras

Este será un obradoiro de sensibilización en igualdade aberto á participación de todas as mulleres que pretende, a través de diversas expresións artísticas e audiovisuais (cinema, arte, música...) reforzar a igualdade e previr a violencia de xénero.

2. Obradoiro de autoestima e benestar con perspectiva de xénero.

20 e 21 de xullo.
19h a 21:30h

Local Social de Pereiras

Traballárase a autoestima e a estimulación e a mellora de corpo e da mente, fomentando o benestar e a saúde das participantes para contribuir ao desenvolvemento dun estilo de vida activo e para mellorar a calidade de vida.

3. Workshop sobre violencia de xénero: ferramentas de sensibilización e prevención.

24 e 55 de agosto.
19h a 21:00h

Local Social A Rabeda

Este é unha actuación integral de sensibilización, capacitación, reflexión e debate sobre a violencia de xénero coas mulleres participantes no que, entre outras cousas, ofreceranse estratexias para recoñecer a violencia mediante ferramentas de prevención e sensibilización

Servizo Municipal de Asesoramento, Orientación e Información Psicolóxica, Social, Xurídica e Laboral a Mulleres.

Este Servizo será a demanda e presencial todos os xoves de 9:30 a 14:30 da mañá na Biblioteca Municipal.

Atenderase a todas as mulleres de Taboadela que o requiran e destinaráse o Programa e poderán realizarse por participante todas as consultas individualizadas que se estimen.

No eido xurídico atenderanse, informarase e orientarase ás mulleres co fin de que tomen decisións con pleno coñecemento dos seus dereitos, coidando a atención personalizada.

No eido psicolóxico traballárase con todas as mulleres que o demanden, reforzando a atención da saúde mental e a autoestima.

No eido laboral e social, ademais de elaborar os itinerarios coas mulleres participantes, traballárase especificamente con aquelas que queiran incorporarse ao mercado laboral ou mellorar a súa carreira profesional.

Taboadela

OBXECTIVOS DO PROGRAMA

- Previr a violencia de xénero e prestar atención, apoio e orientación especializada as mulleres vítimas e aos seus fillos e fillas.
- Apoiar ás mulleres en situación de vulnerabilidade a través de accións de empoderamento e autoestima superando os roles e estereotipos de xénero.
- Valorar o coñecemento do corpo como elemento que contribue a unha mellora da autoestima e do benestar.
- Dotar ás participantes de ferramentas para a inserción laboral.
- Incrementar as habilidades e as capacidades sociais e persoais das participantes para orientar positivamente os seus proxectos vitais e laborais.
- Mellorar o coñecemento sobre os recursos das administracións públicas e dos axentes sociais e económicos destinados ás mulleres e á súa inserción laboral.

4. Taller: "A era post Covid para as mulleres de Taboadela".

30 e 31 de agosto.

19h a 21:00h

Local Social Santa Leocadia

Taller no que se analizará a situación económica, social, laboral e emocional das mulleres neste momento de previsible reconstrución despois dunha pandemia e servirá para recoñecer e validar os sentimentos e reaccións emocionais que xerou e xenera nas mulleres a Covid 19 e plantexar as recomendacións para o afrontamento das consecuencias psicolóxicas.

5. Xornadas de Inserción Laboral e Autoemprego

6, 8 e 15 de setembro.

19h a 21:00h

Local Social A Rabeda

Son xornadas de traballo de aprendizaxe de estratexias para atopar información sobre o mercado laboral no que se traballará a motivación para a búsqueda de emprego, detectando áreas ocupacionais que se corresponden cos intereses e capacidades das participantes. Un dos aspectos fundamentais pasará por mellorar as habilidades de comunicación para afrontar procesos de selección, ensaiando entrevistas de traballo.

Haberá encontros con todas as participantes para a posta en común de experiencias, aspectos de mellora do programa, empoderamento colectivo e acción de redes entre as participantes.

Durante estes meses celebráranse actividades con axentes sociais e económicos e visitas a empresas, traballárase a intermediación laboral e elaboráranse itinerarios de inserción que faciliten ás participantes a mellora da súa situación persoal, social e profesional.

